

ANEXO III

2021/CP/130

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN
AXUDA

Referencia: Convenio Xunta-UDC 2021-2022			
Título: Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade da Coruña (UDC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2021-2022			
CENTRO: Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA)			
OBJECTO DO CONTRATO: colaborador/a nas tarefas do convenio de investigación que se indica. Técnico/a de Comunicación e Divulgación Científica.			
LUGAR E HORARIO: Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Luns a venres de 7:45-15:15 h			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: I			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador/a asociado/a ☐		* Investigador/a en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico/a de apoio á investigación ☒		Axudante de apoio á investigación ☐	
Técnico/a administrativo/a ☐		Axudante administrativo/a ☐	
XORNADA	Tempo Completo: ☒	Tempo Parcial: ☐	
DURACIÓN	17 meses	DATA APROX. DE INICIO	01/07/2021
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 2.152,03 € brutos/mes			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 050944B100 541A 640.00.00			

*O pago da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensalidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente).

REQUISITOS

TITULACIÓN: grao, licenciatura ou equivalente
EXPERIENCIA: experiencia demostrada en tarefas obxecto do contrato (ver memoria da convocatoria)
REQUISITOS: ver memoria da convocatoria (deben terse cumpridos no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes)

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: enviar por correo electrónico a cica@udc.gal (imprescindible indicar a referencia da convocatoria no asunto del correo, formato tipo 2021/CP/000)
PRAZO: 5 días desde a publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN

ÓRGANO: Jaime Rodríguez González (director do CICA), M ^a Isabel González Siso (subdirectora do CICA), Julia Fernández Valero (Estratexia, I+D+i e Promoción do CICA) e Sonia Martínez Varela (Asuntos Económicos, Administración e Infraestruturas do CICA)
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: páxina web do CICA (https://cica.udc.gal/)

O INVESTIGADOR PRINCIPAL

Asinado dixitalmente
Jaime Rodríguez González

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	VoK2RKhVt0806mo+XkJh1A==		
Asinado Por	Director/a Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (cica) - Jaime Rodríguez González	Estado	Asinado
Observacións		Data e hora	02/06/2021 08:56:13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VoK2RKhVt0806mo+XkJh1A==		
		Páxina	1/3



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Despois do proceso de colaboración entre o Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC) e o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas da UDC (CICA), mediante o financiamento a través do programa de Agrupacións Estratéxicas da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e tras o exitoso programa de captación de talento levado a cabo nos últimos anos, o CICA pretende dar un paso adiante acreditándose como Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia (SUG), o que implica atopar unha singularidade dentro do espazo de investigación galego. Para preparar a acreditación, tanto pola Universidade da Coruña como pola Xunta de Galicia, será necesario realizar unha memoria xeral que consta de varios apartados que se mencionan a continuación:

- Xustificación da necesidade de creación.
- Enfoque estratéxico: obxectivos e posicionamento.
- Axenda científica: plan cuadrienal de investigación (liñas de investigación, proxectos estratéxicos, obxectivos de financiamento, internacionalización).
- Proceso de vinculación e desvinculación formal de investigadores/as.
- Plan de acción para impulsar o progreso do centro. Plan de comunicación.
- Currículo resumido da base científica do centro: capacidades centrais dos/as investigadores/as vinculados/as.
- Relación inicial de investigadores/as que se integren inicialmente no CICA.
- Proxectos e contratos que se adscriben ao CICA.
- *Benchmarking* e posicionamento do centro.
- Memoria económica.
- Viabilidade e fontes de financiamento para o desenvolvemento e a sostibilidade da axenda científica.

Por todo isto, é preciso contar cunha persoa que realice tarefas de apoio á dirección no apartado de comunicación e divulgación científica, que axude á preparación do futuro plan de comunicación do CICA, así como con outra documentación xeral.

a) As tarefas máis importantes que realizará, entre outras, en dependencia da dirección do CICA, serán dar apoio e colaborar en:

- Xestión e coordinación de eventos de divulgación científica (cursos sobre comunicación/divulgación científica para o persoal investigador, visitas escolares, portas abertas, feiras, conferencias...).
- Realización e implantación do plan de comunicación e outros documentos necesarios para a solicitude de centro de investigación do SUG.
- Solicitude, xestión e desenvolvemento de proxectos de divulgación científica.
- Visibilizar desde o punto de vista científico os resultados de investigación dos grupos do CICA.
- Elaborar notas de prensa sobre os proxectos dos grupos de investigación e do propio CICA. Así como, realizar o boletín mensual de noticias.
- Actualizar o material promocional do CICA.
- Xestión da páxina web e mantemento de redes sociais.
- Monitorización das publicacións do CICA e cálculo dos indicadores de calidade destas.
- Apoio para a organización de seminarios, conferencias, simposios, happy hours... tanto en modalidade presencial como *online*.

b) Requisitos

- Licenciatura ou grao, preferiblemente en titulacións de ciencias da saúde/científicas/técnicas ou en ciencias da comunicación/xornalismo ou equivalente.
- Valorarase a formación de posgrao/mestrado en comunicación ou divulgación científica.
- Experiencia en comunicación (notas de prensa, redes sociais e páxinas web), preferiblemente no campo científico.
- Experiencia en divulgación científica: participación e desenvolvemento de proxectos de divulgación científica, impartición de conferencias, participación e xestión de eventos de divulgación.
- Experiencia na organización de eventos científicos: seminarios, conferencias, webminars, charlas científicas...
- Nivel medio de inglés, equivalente a B2 ou superior.
- Capacidade proactiva e de traballo en equipo.

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	VoK2RKhtVt0806mo+XkJh1A==		
Asinado Por	Director/a Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (cica) - Jaime Rodríguez González	Estado	Asinado
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VoK2RKhtVt0806mo+XkJh1A==		



c) Duración do contrato

17 meses: desde o 01/07/2021 até o 30/11/2022.

d) Criterios e valoración de méritos

 O *currículum vitae* debe presentarse seguindo os mesmos epígrafes que figuran na seguinte táboa:

CONCEPTO		PUNTUACIÓN	MÁXIMO
Titulación académica	Licenciado/a ou graduado/a en titulacións de ciencias da saúde, científicas ou técnicas	10 puntos	10 puntos
	Licenciado/a ou graduado/a en ciencias da comunicación, xornalismo ou equivalente que tamén teña formación de posgrao/mestrado en comunicación/divulgación científica	7,5 puntos	
Experiencia en investigación	Grao de doutor/a	10 puntos	10 puntos
	Participación como investigador/a en proxectos de investigación	0,1 puntos x mes traballado	
Experiencia en comunicación	Experiencia en comunicación (notas de prensa, web, redes sociais...)	0,1 puntos x mes traballado	5 puntos
	Experiencia en comunicación científica (notas de prensa, web, redes sociais...)	0,4 puntos x mes traballado	10 puntos
Experiencia en divulgación científica	Experiencia en divulgación científica (feiras, organización de eventos de divulgación, impartición de conferencias, participación e xestión de proxectos de divulgación...)	1 punto x participación ou organización de eventos	8 puntos
		3 puntos x participación e xestión de proxectos	12 puntos
Experiencia en xestión e coordinación de eventos científicos	Experiencia en xestión e coordinación de eventos científicos (conferencias, seminarios, simposios, webinars...)	0,5 puntos x evento	7,5 puntos
Formación	Mestrado en comunicación ou divulgación científica (só para licenciado/a ou graduado/a en titulacións de ciencias da saúde, científicas ou técnicas)	7,5 puntos	7,5 puntos
	Asistencia acreditada a cursos sobre comunicación ou divulgación científica	0,2 puntos x 10 horas	
Idiomas	Ás candidaturas con maior puntuación nos apartados anteriores realizaráselles unha proba oral en inglés para avaliar o coñecemento do idioma sobre cuestións técnicas. Deberán ter un nivel equivalente a B2 ou superior		10 puntos
Entrevista persoal	Entrevista persoal ás candidaturas coas puntuacións máis altas (suma da valoración dos apartados anteriores)		20 puntos

NOTAS IMPORTANTES:

- Presentar o *currículum vitae* ordenado do mesmo xeito e con idénticas seccións que a táboa de Criterios e valoración de méritos (apartado d). Os CV presentados noutro formato distinto ao aquí especificado poderán non ser valorados.
- Indicar as tarefas realizadas en cada un dos postos de traballo, así como a duración destas.
- Na formación indicar necesariamente o nº de horas, en caso de non indicarse non se valorará.
- En ningún caso se valorará o mesmo mérito en dous apartados diferentes.
- De ser necesario poderá ser solicitada a documentación xustificativa dos méritos alegados no CV.
- Achegar o certificado acreditativo do nivel de inglés no caso de o ter (non é excluínte).
- No caso de que ningunha candidatura obteña unha puntuación superior a 65 puntos, o posto podería quedar deserto.

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	VoK2RKhVt0806mo+XkJh1A==		
Asinado Por	Director/a Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (cica) - Jaime Rodríguez González	Estado	Asinado
Observacións		Data e hora	02/06/2021 08:56:13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VoK2RKhVt0806mo+XkJh1A==		
		Páxina	3/3

